

Tamén -he eran dous irmáns que tiñan unha, unha cuestión emprendida polos bens, tiñan, a un quedáranlle os burros, tres burros.

- Ai ese quedou ben, eh.

Sí, a un quedáranlle tres burros, un chamábase Repenón, outro chamábase Jorge e outro chamábase Paduanas. E entón cando foi que foron a parte non chegharon a trato e entraron en pleito. E despois o que, o que quería nos bens-e, quería os bens-e e claro non tiña os burros.

E díxolle o avogado:

- Ten coidado, perde coidado que ti os bens telos ghanados. Métome eu no medio e has de ghanar o, a herencia.

E traballou e traballou pero outro como tamén se fixo con outro avogado, non lle deixou collelos bens ó outro. E despois foi o que tiña os burros, morreulle o burro que se chamaba Rufín, e Rufín era tamén o avogado que lle pertencía, que lle defendía os bens a el. E cando tiveron a definitiva, o último do xuicio díxolle así-he, saleu por baixo o dos burros. E entonces díxolle así o outro alí no xulghado.

- Ai señor escribano!
- Que?
- E non sabía unha cousa, hoxe tuven dúas perdas moi ghrandes.
- Elogo?
- Morreume o, perdín o xuicio, amáis morreume o Repenín castaño que tiña un conocimiento como un escribano.

E o outro como escribano pra el era o que lle decía, o que lle tiña que defende-los bens, levou un disghusto moi grande, porque chamoulle Repenín, Rufinín a el e a era porque era o burro que non lle quedou.